



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de
Xuventude e Voluntariado

Curso

Monitor de Tempo Libre

2018



Curso de formación específica para a obtención da titulación oficial de **Monitor de Tempo Libre**, expedida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia, conforme o Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro de 2000, e o Decreto 58/2012 do 12 de xaneiro de 2012.



Índice	Paxina
1. INTRODUCCIÓN.	3
2. PRESENTADOR Definición, estilo e principios	3/4
3. CURSO MONITOR DE TEMPO LIBRE Entidade que imparte o curso, expedición da Titulación, etc.	5
4. OBXETIVOS	5
5. CAPACITACIÓN	6
6. METODOLOXIA	6
7. MODALIDADE DE ESTUDO.	7
8. CONTIDOS.	7/8/9
9. DESTINATARIOS.	9
10. REQUISITOS.	9
11. CRONOLOXIA E HORÁRIOS.	9
12. PREZOS. Descontos, Opcións de pagamento, e outros.	10
13. MATRICULA. Prazos, reserva de matricula, etc.	10
14. CONTACTO:	11

1. INTRODUCCIÓN

A educación non formal no eido do tempo libre, presenta un grande atractivo para os mozos/as tanto polos principios sobre os que se sustenta (participación, solidariedade e transformación da sociedade), como pola metodoloxía innovadora que utiliza o conceder protagonismo os implicados e da voz os que carecen de ela, así coma polos recursos, técnicas, dinámicas e estratexias que emprega para conseguir as súas finalidades. Constitúe un desafío para os mozos/as comprometidos cun futuro mellor.

Esta ocupación fomenta a comunicación, o encontro interpersonal e a afectividade; revaloriza a vida asociativa e fai xurdir entre os individuos unha rede de relacións que entrelazan e fan emerxer os valores comunitarios.

Na actualidade, la Unión Europea, está animando os diferentes países a impulsar a figura do animador sociocultural e de tempo libre, como un profesional capaz de responder as novas exigencias que demanda a sociedade. E, por tanto, unha profesión en auxe, con favorables perspectivas de desenvolvemento futuro, que cubre espazos emerxentes e que desempeña funcións e tarefas que emanan dos novos modos de vida dos cidadáns.

Na nosa Comunidade Autónoma, as Escolas de Tempo Libre, actúan como axentes colaboradores da Administración Pública (previa autorización por parte da administración autonómica), xa que, son centros de formación específicos de educación non formal no eido da animación e do tempo libre, e están reguladas na nosa Comunidade Autónoma polo Decreto 50/2000 do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, e o Decreto 58/2012 do 12 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos do mercado interior.

2. PRESENTADOR:

Definición, estilo e principios

A Escola de Animación e Tempo Libre Cipri Gomes, é un centro de formación específico de educación non formal no eido do tempo libre, e da que posúe a titularidade a Fundación Cipri Gomes, con CIF G-32.407.280, e sede social na Rúa Benito Vicetto, nº8 baixo, CP. 32004 de Ourense.

A escola, figura inscrita co nº G-55, no Rexistro de Escolas de Tempo Libre da Comunidade Autónoma Galega, dende o 22 de xaneiro de 2013, e leva a cabo as súas accións de formación no Centro de Formación e Tecnificación Deportiva e de Lecer,



algo mais de 3.000 m2 de instalacións que a Fundación Cipri Gomes ten na localidade Ourenzá de Viana do Bolo, situado nun marco natural incomparable, coñecido como a Maxia Verde de Galicia, forma parte das serras sur-orientais galegas, caracterizadas polas súas altas montañas e os seus profundos vales, percorridos por numerosos ríos coma o Bibei, Camba ou Conso. que en moitos casos forman encoros e canons.



A Escola de Animación e Tempo Libre Cipri Gomes, está formada por profesionais de diferentes ámbitos educativos/formativos, cunha ampla experiencia en actividades de tempo libre. Centra a súa formación en contidos cunha metodoloxía práctica na que o alumno forma parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe das diferentes técnicas relacionadas co tempo libre. Formamos a profesionais do eido do tempo libre de forma multidisciplinar, con manexo e aplicación de novas tecnoloxía, capaces de afrontar proxectos e actividades de todo tipo e para todas as idades e poboación, favorecendo unha adaptación real ao mercado de traballo actual, e no aproveitamento do medio xeográfico galego.



A Escola conta co apoio e colaboración de diferentes entidades públicas e privadas, clubs e asociacións, o que garante unha total adaptabilidade o mercado de traballo. Ofertamos a todos os/as nosos alumnos/as a posibilidade de realizar prácticas coa propia entidade, seguimento individualizado do alumnado e titorizacións durante a fase práctica, así como un completo guiado

durante o proceso de elaboración/redacción da memoria final e obtención dos correspondentes títulos de primeiro e segundo nivel, segundo normativas vixentes.

3. CURSO MONITOR DE TEMPO LIBRE

Entidade que imparte o curso, expedición da Titulación, etc.

A Escola de Animación e Tempo Libre Cipri Gomes, como centro autorizado pola Administración Autonómica, imparte a formación específica para a obtención do título oficial de **MONITOR DE TEMPO LIBRE**, expedido pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar Social da Xunta de Galicia.



4. OBXETIVOS :

O obxectivo principal é dar resposta ás necesidades e demandas do ámbito do tempo libre, a animación sociocultural e a educación non formal na actualidade. As cada vez máis solicitadas actividades de lecer destinadas a diversos sectores da poboación, requiren a formación dun monitorado e persoal humano de calidade, profesionalizado, sério e preparado, para o lecer urbano, coma o tempo de lecer na natureza.

5. CAPACITACIÓN:

As funcións e tarefas para as que capacita o programa formativo do curso de MTL, son:

- a) Detecta-las necesidades de intervención no tempo libre dun grupo reducido de persoas, conectándoo co seu medio.
- b) Animar, dinamizar e facilita-lo desenvolvemento dun grupo de persoas.
- c) Deseñar, dirixir e executar un taller.
- d) Localizar recursos para o desenvolvemento das actividades.
- e) Participar nun proxecto de animación xeral, responsabilizándose das tarefas específicas que lle son encomendadas.

6. METODOLOXIA:

A Metodoloxía da Escola de Tempo Libre Cipri Gomes, esta baseada en contidos teóricos e prácticos de situacións diarias da animación do tempo libre, ónde o futuro profesional do tempo de lecer e o protagonista na súa formación e aprendizaxe. Unha metodoloxía, individualizada, integradora, crítica, de investigación, activa e participativa.

Durante o curso utilízanse numeroso material audio-visual, coma vídeos, fotografías, películas, presentacións en Power Point, etc., para desenvolver as aulas dende un enfoque do desfrute e aproveitamento do tempo. Todo elo, sen descoidar os aspectos teóricos imprescindibles compartindo experiencias cos profesionais que traballan no día a día cos cativos e adolescentes.

O curso de Monitor de tempo Libre constará de dúas fases:



- a) Fase teórico-práctica: terá unha duración de 200 horas lectivas. Esta fase realizarase seguindo unha metodoloxía activa, dinámica e participativa. Nesta fase, os alumnos deberán asistir como mínimo, o 80% das aulas teórico-presenciais.

- b) Fase de prácticas: realizarase unha vez rematada a fase anterior, en campamentos de verán, con unha duración de 150 horas de actividade periódica no Centro de Formación Tecnificación Deportiva e de Lecer da Fundación Cipri Gomes, situado en Viana do Bolo.



Asemade, o alumno poderá solicitar realizar as prácticas, nunha empresa ou asociación que traballe no eido da educación no tempo libre e cumpra o establecido na normativa vixente.



7. MODALIDADE DE ESTUDO.

A modalidade de estudo do curso MTL, será presencial, de luns a sábado (máximo 10h o día), na Escola de Tempo Libre, de tal xeito que a proporcionalidade sería a seguinte:

Fase Teórico - presencial	200h	100% Aulas presenciais.
Fase Prácticas	150h	

A fase de prácticas viríase a realizar no período de dos meses Xulio e Agosto, coincidindo coa realización dos campamentos de verán que organiza a Fundación Cipri Gomes, no Centro de Formación, Tecnificación Deportiva e de Lecer, en Viana do Bolo (Ourense).

8. CONTIDOS.

1ª PARTE: ÁREA DE PSICOSOCIOLOXÍA (45 h.)

Psicoloxía evolutiva

- Concepto e campos de aplicación da psicoloxía.
- Psicoloxía evolutiva: estudo das características de cada etapa evolutiva
- O proceso de socialización.

O grupo

- O grupo. Tipoloxía e organización. Dinámica de grupos.
- Roles dun grupo.
- Características fundamentais dos grupos infantís e xuvenís.
- Implicacións no traballo con grupos de nenos e adolescentes.
- Liderado. Tipos de liderado.
- Técnicas de dinámicas de grupos.
- Técnicas de resolución de conflitos.
- O traballo en equipo.

Socioloxía

- Lecer e tempo libre: características, funcións e modalidades.
- Dimensión no ámbito vital da persoa nas súas diferentes etapas evolutivas.
- Aproximación ao estudo do medio social galego. O medio urbano. O medio rural. Características e posibilidades de actuación.
- Educación no tempo libre e inserción na cultura galega.
- Coñecementos culturais, xeográficos, folclóricos, socio-políticos e económicos de Galicia.
- Importancia da prevención e asistencia primaria: intervención desde o tempo libre.

Educación e tempo libre + metodoloxía educativa

- A educación no tempo libre.
- Conceptos fundamentais da pedagogía.
- Necesidades educativas especiais no tempo libre. Bases do proxecto formativo. Principios educativos.
- Educación en valores.
- Metodoloxía e programación. Fases na elaboración do programa.
- O xogo como instrumento didáctico na educación no tempo libre.
- O educador de tempo libre: aspectos psicolóxicos, sociolóxicos e pedagóxicos.
- A colaboración na escola.

2ª PARTE: ÁREA DE ANIMACIÓN. AS TÉCNICAS. (65 h.)

- A animación: concepto e uso da animación no tempo libre.
- O xogo: tipoloxía de xogos.
- Seráns e lumes de acampada.
- Introducción ás técnicas de expresión e comunicación.
- Expresión literaria. 5h.
- Expresión musical.
- Expresión dramática: corporal e oral.
- Expresión plástica.
- Medios audiovisuais.
- Animación deportiva.

3ª PARTE: ÁREA DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E NATUREZA. (35 h.)

- Introducción á educación ambiental.
- O concepto de medio e natureza.
- Problemática e alternativas.
- Medio e natureza en Galicia.
- Bases para o estudo de itinerarios nos ecosistemas galegos, con especial atención aos propios dos itinerarios elixidos para o curso. Utilización didáctica deles.
- Os itinerarios de interpretación ambiental na práctica.
- Xogos de educación ambiental.
- Técnicas de campismo e excursionismo.
- A marcha.
- Orientación: xogos de orientación.
- Introducción á meteoroloxía.
- Topografía e cartografía.
- Técnicas de acampada.

4ª PARTE: ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. (30 h.)

- A hixiene e a sanidade nas actividades de tempo libre.
- Aspectos sanitarios nas actividades de tempo libre.
- Prevención das drogodependencias.
- Socorrismo e primeiros auxilios.
- Alimentación e nutrición.
- Sexualidade.
- Seguridade e hixiene.

5ª PARTE: ÁREA DE ORGANIZACIÓN E RECURSOS. (25 h.)

- Lexislación.
- As escolas e titulacións de tempo libre.
- Responsabilidade civil do monitor: Seguros.
- Asociacionismo Xuvenil:
- Constitución e legalización dunha asociación.
- Estatutos.
- Tipos de asociacións e rexistros.
- Recursos e axudas.
- Recursos e axudas públicas. Subvencións, convenios e protocolos: tipos e tramitación.
- Recursos e axudas privadas.

- Recursos socioculturais: patrimonio histórico-etnográfico, artístico-folclórico.
- Redes de información xuvenil.
- Centros e puntos de información.
- Revistas, boletíns e publicacións.
- O informador xuvenil (característica e formación).

9. DESTINATARIOS:

O curso de monitor de Tempo Libre, vai dirixida a todas persoas en xeral, e en específico a interesados/as en adquirir formación e titulación no eido da animación e do tempo libre, coma orientadores educativos, monitores de comedores, monitores de actividades extraescolares, animadores e técnicos de tempo libre e deportivos, educadores sociais, integradores sociais, psicólogos, pedagogos, psicopedagogos, animadores socioculturais, mestres de primaria, monitores de ludotecas, monitores de discapacitados, membros de asociacións vinculadas a este eido, etc.,.

10. REQUISITOS:

Ter máis de 16 anos de idade.

Para matricularse será necesario estar en posesión, polo menos, dalgún dos seguintes títulos:

- Graduado en educación secundaria, graduado escolar ou outro equivalente.
- Técnico auxiliar en formación profesional ou outro equivalente.

11. CRONOLOXIA E HORÁRIOS:

a) Fase teórico – práctica (presencial):

	L	M	M	X	V	S	MES	ANO	MODALIDADE	LUGAR	HORAS
1ª	25	26	27	28	29	30	Xuño	2018	Presencial	CTFD Viana	40h
2ª	2	3	4	5	6	7	Xulio	2018	Presencial	CTFD Viana	40h
3ª	9	10	11	12	13	14	Xulio	2018	Presencial	CTFD Viana	40h
4ª	16	17	18	19	20	21	Xulio	2018	Presencial	CTFD Viana	40h
5ª	23	24	25	26	27	28	Xulio	2018	Presencial	CTFD Viana	40h

- Horarios - Aulas teórico – prácticas presenciais :

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado
Mañá					09.00h a 14.00h	09.00h a 14.00h
Tarde	17.00h a 22.00h	17.00h a 22.00h	17.00h a 22.00h	17.00h a 22.00h	17.00h a 22.00h	17.00h a 22.00h

b) Fase de prácticas:

	L	M	M	X	V	S	D	MES	ANO	MODALIDADE	LUGAR	HORAS
1ª			1	2	3	4	5	Agosto	2018	Presencial	CTFD Viana	45h
2ª	6	7	8	9	10	11	12	Agosto	2018	Presencial	CTFD Viana	75h
3ª	13	14	15					Agosto	2018	Presencial	CTFD Viana	30h

12. PREZOS:

Descontos, Opcións de pagamento, e outros.

O prezo do curso de Monitor de Tempo Libre, será de **320,00€** por alumno.

- **Desconto do 10%** para portadores do **Carné Xove**.

O alumno/a terá dúas opcións de pagamento da cota do curso:

- a) **Pagamento único:** A opción do pagamento único, realizarase dunha só vez no momento de formalización da matrícula.
- b) **Pagamento aprazado:** A opción do pagamento aprazado, o alumno/a realizará o pagamento en 2 cotas de **175,00€/mes**. Ésta cota satisfarase os 5 primeiros días de cada mes.

O pagamento da cota do curso de Monitor de Tempo Libre, satisfarase no numero de conta bancario de titularidade da Fundación Cipri Gomes, que se indica a continuación:

Banco Bilbao Vizcaya Argentaria - BBVA

Banco	Oficina	D.C.	Conta
0182	0636	11	0201534282
IBAN: ES08 0182 0636 1102 0153 4282			

Os alumnos do curso MTL, terán a posibilidade de contratar o servizo de manutención e aloxamento. O CFTD da Fundación Cipri Gomes en Viana do Bolo, Conta cos servizos de Albergue Turístico 3* e restaurante para comidas, polo que poderase contratar por individual ou por lote, nas seguintes modalidades:

	1 día	Curso MTL completo	Observacións
Aloxamento PC	20 €	300€	Inclúe aloxamento, con almorzo, comida e cea, durante os 30 días do curso.

13. MATRICULA.

Prazos, reserva de matrícula, etc.

O prazo de matriculación no curso de Monitor de Tempo Libre, será, ata o **15 de Xuño de 2018**.

Para formalizar a matrícula no curso de MTL, o interesado deberá de preencher correctamente o **FORMULARIO DE MATRICULA** (Anexo nº1), e remitilo conxuntamente co comprobante de pagamento da cota correspondente, a secretaria xeral da escola, a través do correo electrónico: secretaria@fundacionciprigomes.com.

14. CONTACTO:



ESCOLA DE ANIMACIÓN E TEMPO LIBRE CIPRI GOMES

Sede social: Rúa Nicolás Tenorio, nº 29/32
32550 Viana do Bolo (Ourense)

Telf/Fax: 988 329283
e-mail: correo@fundacionciprigomes.com

Web: www.fundacionciprigomes.es



FUNDACIÓN CIPRI GOMES

Sede social: Rúa Benito Vicetto, nº 8 baixo
32004 Ourense

Telf/Fax: 988 225302
e-mail: correo@fundacionciprigomes.com

Web: www.fundacionciprigomes.com